



BASES PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE ESTUDO CURSO 2016-2017

PRIMEIRA:

As bolsas que se concederán por parte do concello teñen por obxecto contribuír ós diversos gastos orixinados pola matrícula e os libros de texto para o presente curso escolar dos alumnos empadroados e escolarizados nos seguintes cursos:

- Ensinanza Primaria
- ESO, Bacharelato e ciclos formativos (medios e superiores)
- Estudos de Grao Medio e Superior.

A finalidade destas bolsas é a integración socio-laboral dos pais, nais, titores ou acolledores, mediante o apoio a aquelas familias que non poden afrontar o custo do servizo, pola súa carencia de recursos económicos, ó abeiro da competencia atribuída aos concellos polo artigo 5 da Lei 3/1997, do 9 de xuño, de protección xurídica, económica e social a familia, a cal permite aplicar medidas preventivas e paliativas para garantir as necesidades básicas daquela no eido da vivenda, educación, cultura e traballo.

Os beneficiarios das axudas, serán as familias con menores recursos económicos do municipio, e serán compatibles con calquera outra que perciban polo mesmo concepto.

Para o financiamento destas bolsas destínase un crédito máximo de 29.100 euros correspondente ó programa 326.48100 do orzamento de gastos para o ano 2016.

SEGUNDA:

Son beneficiarias/os as persoas empadroadas en Zas que realicen os estudos referidos nas presentes bases.

No caso de ser menores de idade, entenderanse as actuacións co representante legal do menor.

No caso de ser maiores de idade, entenderanse as actuacións con esta persoa directamente ou co seu representante (pai, nai, representante legal) ante o concello, aos efectos das presentes bases.

En todo caso, a familia deberá estar empadroadada no concello. Este extremo, comprobarase de oficio por parte do concello.

Aos efectos destas axudas, considérase unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, así como os seus fillos solteiros menores de vinte e cinco anos que conviven no domicilio familiar ata a data de publicación da presente convocatoria e non tivesen ingresos.

En todo caso, os beneficiarios teñen que cumprir os requisitos do artigo 10 LGS.

TERCEIRA:

As bolsas adxudicaranse mediante concurso de méritos e en concorrência competitiva, no que se terá en conta un baremo cos seguintes conceptos:

- a) Capacidade económica-familiar.
- b) Número membros da unidade familiar.
- c) Méritos académicos do alumno.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

CUARTO:

O órgano instrutor (art 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia) é a Comisión Cualificadora. Esta examinará as solicitudes, valoraráas e emitirá a proposta de resolución ó órgano competente para conceder as subvencións.

Composición:

Presidente: D. Óscar Lema Romero

Vogal nº 1: D. Manuel García Velo

Vogal nº 2: D^a. Natalia Espasandín Pazos

QUINTO: CRITERIOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

1) Número de membros da unidade familiar:

por cada membro da unidade familiar, **0,25 puntos**.

2) Condicións familiares do solicitante da axuda:

a. Por orfandade: **1 punto**.

b. Fillo de separado/a ou viúvo/a a data actual: **1 punto**.

c. Fillo de solteira sempre que non conviva co pai: **1 punto**.

d. Por posuír o título de familia numerosa: **2 puntos**.

e. Por presentaren un ou máis membros da unidade familiar algunha discapacidade igual ou superior ó 33%, por cada un: **3 puntos**.

f. Por estar en situación de desemprego o pai/titor: **1 punto**.

g. Por estar en situación de desemprego a nai/titora: **1 punto**.

As puntuacións neste apartado serán acumulables.

SITUACIÓN ECONÓMICA-FAMILIAR

Neste apartado calcúlase a Renda Per Cápita mensual (RPC) da unidade familiar, referida ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM: 532,51 €) vixente:

Inferior ao 25% do IPREM+ 4 PUNTOS
(inferior a 133,12 €)

Entre o 25% e o 50% do IPREM + 3 PUNTOS
(entre 133,12 € e 266,25 €)

Entre o 50 % e o 75% do IPREM + 2 PUNTOS
(entre 266,26 € e 399,38 €)

Entre o 75 % e o 100% do IPREM + 1 PUNTOS
(entre 399,39 € e 532,51 €)

Entre o 100% e o 125% do IPREM - 1 PUNTOS
(entre 532,52€ e 665,63€)

Entre o 125% e o 150% do IPREM- 2 PUNTOS
(entre 665,64€ e 798,76 €)

Entre o 150% e o 200% do IPREM - 3 PUNTOS



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

(entre 798,77€ e 1065,02 €)

Igual ou superior ao 200 % do IPREM- 4 PUNTOS

(superior a 1065,02 €)

A RPC determinarase dividindo os ingresos totais da unidade familiar polo número de membros que a compoñen.

Para estes efectos, considérase unidade familiar, a descrita na base segunda da presente convocatoria.

MÉRITOS ACADÉMICOS.

Os méritos académicos do alumno (cualificacións) **unicamente** teranse en conta nos seguintes casos:

- En caso de empate na puntuación, concederase a aquel que teña mellores notas.
- Dentro da mesma familia, concederase a bolsa a aqueles fillos que teñan mellor expediente académico.

Como méritos académicos sinálanse:

- Aprobar todas as materias no mes de xuño
- Aprobar na convocatoria de setembro.

Excepcionalmente, concederanse bolsas para alumnos repetidores, sempre que a situación económica-familiar así o xustifique. Igualmente, e só en casos excepcionais de carencia económica, concederanse máis dunha bolsa por familia. En todo caso, non poderán ser concedidas máis de 2 bolsas a membros dunha mesma familia.

Dada a singularidade da subvención non se prevé prazo de xustificación porque se considera xustificada coa acreditación da matrícula esixida na solicitude.

SEXTA:

Para o financiamento destas bolsas destínase un crédito máximo de 29.100 euros correspondente ó programa 326.48100 do orzamento de gastos para o ano 2016.

As bolsas que se concederán, por importe de **29.100 euros**, serán **180** que se distribuirán da seguinte maneira:

- a) Quince (15) para estudos de Grao Medio ou Superior por importe de 360 euros cada unha.
- b) Trinta e unha (31) para estudos de BACHARELATO e Ciclo superior por importe de 180 euros cada unha.
- c) Sesenta e oito (68) para estudos de ESO e Ciclo medio por importe de 150 euros cada unha.
- d) Sesenta e seis (66) para estudos de PRIMARIA por importe de 120 euros cada unha.

No caso de que non se esgoten as bolsas nunha das categorías poderá usarse o remanente para incrementar as outras.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

SÉTIMA:

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **10 días naturais** que comezarán a contar desde a publicación do extracto das presentes bases no BOP da Coruña.

Se as solicitudes presentadas non reunisen os requisitos sinalados, requirirase ós/as interesados/as para que no prazo máximo de tres días naturais emenden as deficiencias advertidas. De non facelo teráselle por desistido da súa solicitude.

As solicitudes formalizaranse no modelo (anexo 1) que se facilitará nas dependencias municipais ou na páxina web (www.concellodezas.org) e á mesma acompañarase a seguinte documentación:

- Fotocopia do **DNI** do/da solicitante.
- Fotocopia compulsada do **Libro de familia**.
- Fotocopia compulsada da **matrícula** no centro escolar ou universitario ou certificado do centro, segundo o anexo II.
- **Declaración responsable** conforme ao anexo III.
- De ser o caso, fotocopia compulsada do **certificado do grao de discapacidade** no caso de que algún fillo esté afectado por ela, ou **resolución de invalidez**.
- **Xustificante de ingresos**, referidos a todos os membros da unidade familiar, entendida nos termos da base 2ª, mediante os documentos seguintes:
 - Copia compulsada da **Declaración do IRPF** correspondente ao ano 2015 de todos os membros da unidade familiar que percibiran ingresos durante aquel ano (ou certificado negativo no caso de non estar obrigado a presentala).
 - No caso de ingresos que tributen por IRPF a determinación dos ingresos da unidade familiar determinarase mediante a agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do IRPF.
 - Documentación oficial correspondente no caso de pensión contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade, na que conste o importe das cantidades percibidas no ano 2015.
 - Documentación oficial correspondente no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da Lei de integración social de minusválidos, na que conste o importe das cantidades percibidas no ano 2015.
 - Se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, deberá acreditala mediante informe social.
 - De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co convenio regulador, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- **Certificado da entidade bancaria** no que conste o código de conta do cliente para percibir a axuda. O titular de dita conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
 - Emigrantes retornados: Certificación bancaria dos ingresos percibidos no ano 2015 no país de orixe.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

OITAVA:

A comisión cualificadora elevará ao alcalde a proposta definitiva de resolución no prazo máximo de 3 días naturais desde que rematase o prazo de emenda de solicitudes.

En todo caso, a proposta da comisión cualificadora, conterá:

- Relacións de persoas que desistiron da súa solicitude.
- Relación de solicitantes propostos para a concesión da axuda.
- Contía.
- Baremación dos criterios de valoración.

O alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días naturais desde que lle sexa elevada a proposta da comisión.

A publicación farase no prazo máximo de dez días hábiles no taboleiro de anuncios do concello e na páxina web do concello.

O vencemento do prazo máximo sen que se notifique a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención, tal e como establece o punto 5 do artigo 23 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENA:

O pagamento das bolsas efectuarase aos propios interesados, no suposto de ser maiores de idade, ou ós seus representantes legais, unha vez resolta a convocatoria.

DÉCIMA: O concello poderá denegar o pagamento cando tivese coñecemento de que os estudos para os que se concedeu a bolsa non se realizaron.

UNDÉCIMA:

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común poderase interpor un recurso potestativo de reposición ante o *alcalde* deste concello, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da recepción da notificación, ou directamente un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo.

DUODÉCIMA: Facúltase amplamente á Alcaldía para a execución e desenvolvemento das presentes bases.

Zas, 2 de decembro de 2016

O alcalde

D. Manuel Muíño Espasandín



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO I

SOLICITUDE BOLSAS MUNICIPAIS ANO 2016

APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF/CIF
DOMICILIO A EFECTO DE NOTIFICACIÓNS		
MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
CORREO ELECTRÓNICO		

EXPON:

Que cumpro todos os requisitos do punto segundo das bases para axudas de estudos do ano 2016.

SOLICITO:

Que me sexa concedida a axuda de estudos, destinada aos seguintes estudantes que cursarán estudos no/s centro/s que a continuación se relacionan:

-Nome do alumna/o: _____

-Centro educativo, Curso: _____

Zas, _____ de _____ de 2016

Asdo.

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ZAS



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

Documentación complementaria que se achega co modelo de solicitude

- Fotocopia do **DNI** do/da solicitante.
- Fotocopia compulsada do **Libro de familia**.
- Fotocopia compulsada da **matrícula** no centro escolar ou universitario ou certificado do centro, segundo o anexo II.
- **Declaración responsable** conforme ao anexo III.
- De ser o caso, fotocopia compulsada do **certificado do grao de discapacidade** no caso de que algún fillo estea afectado por ela, ou **resolución de invalidez**.
- **Xustificante de ingresos**, referidos a todos os membros da unidade familiar, entendida nos termos da base 2ª, mediante os documentos seguintes:
 - Copia compulsada da **Declaración do IRPF** correspondente ao ano 2015 de todos os membros da unidade familiar que percibiran ingresos durante aquel ano (ou certificado negativo no caso de non estar obrigado a presentala).
 - No caso de ingresos que tributen por IRPF a determinación dos ingresos da unidade familiar determinarase mediante a agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do IRPF.
 - Documentación oficial correspondente no caso de pensión contributiva de xubilación, invalidez, viuvez ou orfandade, na que conste o importe das cantidades percibidas no ano 2015.
 - Documentación oficial correspondente no caso de percibiren ingresos procedentes de pensións non contributivas, fondos de asistencia social, rendas de integración social de Galicia ou da Lei de integración social de minusválidos, na que conste o importe das cantidades percibidas no ano 2015.
 - Se a unidade familiar alega carecer de recursos, ou quere acreditar unha situación excepcional, imprevista ou de carácter de especial necesidade que afecte negativamente á situación familiar, deberá acreditala mediante informe social.
 - De ser o caso, copia da sentenza de separación, divorcio ou nulidade, xunto co convenio regulador, en defecto destes, declaración xurada de percibir ou non pensión alimenticia a favor de fillo/a a cargo.
- **Certificado da entidade bancaria** no que conste o código de conta do cliente para percibir a axuda. O titular de dita conta deberá coincidir co solicitante da axuda.
 - Emigrantes retornados: Certificación bancaria dos ingresos percibidos no ano 2015 no país de orixe.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Telef.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO II

D. 1 D^a. _____, secretario/a do centro de
ensino _____

CERTIFICO:

Que a/o alumna/o _____ " realizou a matrícula para
cursar neste centro estudos de _____, durante o curso
20____/ 20____

Zas, _____ de _____ de 2016

Asdo. _____



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

ANEXO III

DECLARACIÓN XURADA

Dona/Don, _____
co DNI _____, de conformidade co establecido
nas bases da convocatoria de axudas de estudos para o ano 2016 convocadas polo concello
de Zas

DECLARO baixo a miña responsabilidade:

- 1, Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e que me someto ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Zas poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- 2, Que estou ao corrente das obrigas tributarias coa Facenda estatal, autonómica e local, e coa Seguridade Social.
- 3, Que non estou incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria, recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 4, Que non teño pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo Concello de Zas,
5. Que os ingresos da unidade familiar relativos ao ano 2015 correspóndense cos conceptos e ascenden ás contías de:

CONCEPTO	IMPORTE
Empregados por conta allea	
Autónomos	
Pensión de	
Emigrantes retornados	
Carencia de recursos	Debe achegarse informe social
Pensión alimenticia	
Outros: especificar	

6. Que non recibín axudas para a mesma finalidade.

Zas, _____ de _____ de 2016